

Vídeos pola
Igualdade
2026

Obxecto

Estas bases teñen como obxecto regular a concesión do **Premio da Cátedra ALDABA-WIB**, constituída polas entidades ALDABA Servizos Profesionais, S.L.U, con CIF B15862295 e domicilio na rúa Copérnico nº 5, 15008 A Coruña; a Universidade de Vigo, con CIF Q8650002B e domicilio no Edificio Reitoría, campus universitario, 36310 Vigo; e a Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J e domicilio na rúa Maestranza nº 9, 15001 A Coruña, en diante, as Entidades, **ao mellor vídeo en materia de promoción da participación da muller no desenvolvemento das TIC**, que contribúa a espertar o interese da poboación feminina por este ámbito tecnolóxico e profesional.

A quen vai dirixido

Os traballos poderán ser presentados por calquera centro educativo situado en Galicia e deberán estar realizados por colectivos de estudantes de 1º ou 2º curso da ESO. Cada centro educativo poderá presentar todos os traballos con distintos colectivos de estudantes que considere oportuno, sempre que cumpran cos requisitos establecidos nesta convocatoria.

Os centros educativos designarán un/ha Coordinador/a para cada un dos traballos candidatos a este Premio, que se encargará de coordinar a organización e o desenvolvemento do vídeo.

O estudantado deberá contar coa autorización do seu pai/nai ou titor/a legal para participar no concurso e, de ser o caso, para a difusión das imaxes correspondentes ao traballo presentado e das que se capten durante o acto de entrega do premio. Dita autorización será recollida polo centro educativo correspondente.

Os traballos participantes deberán ser vídeos inéditos e curtos (máximo 3 minutos de duración), orientados ao seu uso en redes sociais. O contido do vídeo debe promover a equidade entre homes e mulleres no mundo profesional e laboral das TIC (elección de estudos, acceso á tecnoloxía, uso axeitado das redes sociais, etc.). Tamén poderán abordarse temas como a análise das expectativas e dos plans de futuro das mozas en relación coas TIC e o recoñecemento dos estereotipos de xénero dentro do sector TIC.

Proceso de valoración

O proceso de valoración será levado a cabo por un xurado formado polas integrantes da Dirección da Cátedra ALDABA-WIB.

O xurado terá en conta os seguintes criterios para a selección do vídeo gañador:

- Orixinalidade: valorarase a creatividade do enfoque utilizado no vídeo e os recursos empregados (imaxes, texto, guión, etc.).
- Mensaxe: valorarase a relevancia da mensaxe, o seu reflexo da realidade existente en canto á falta de vocación feminina no ámbito TIC e a súa capacidade para fomentar esas vocacións.
- Realización: valorarase a calidade do traballo realizado á hora de plasmar a idea empregando o formato, as ferramentas e os recursos apropiados, así como a capacidade de síntese, dinamismo, uso da linguaxe, etc.
- Igualdade: valorarase o uso de linguaxe inclusiva e dunha perspectiva integradora no vídeo.

O traballo presentado que obteña a mellor valoración, de acordo cos criterios mencionados, será o gañador do concurso. De forma excepcional, e no caso de producirse un empate na valoración, poderán declararse dous traballos gañadores.

Solicitud de participación

Para cada un dos traballos candidatos a este Premio, o centro educativo deberá presentar unha Solicitud de Participación (Anexo I), xunto co vídeo proposto (en formato mp4).

Os ficheiros serán enviados polos centros escolares ao enderezo de correo electrónico premios@wib.aldaba.es, indicando no asunto: **Vídeos pola Igualdade ALDABA-WIB 2026**.

Tras a recepción do correo, enviarase acuse de recibo a todas as persoas solicitantes.

Prazo de presentación

Todas as solicitudes deberán enviarse antes do 25 de marzo de 2026 ás 23:59 horas CET.

Xurado

O xurado estará composto polos seguintes membros da Comisión de Seguimento da Cátedra ALDABA-WIB:

- Directora da Cátedra pola Universidade da Coruña
- Directora da Cátedra pola Universidade de Vigo
- Directora da área de Talento, Cultura e Impacto Positivo de ALDABA

Este xurado poderá contar, adicionalmente, coa colaboración de profesionais do sector TIC e de persoal docente universitario, se o volume de traballos así o requirise.

Resolución

Unha vez valorados todos os traballos, o xurado emitirá a resolución. Poderase outorgar un premio ex aequo no caso de empate; nese caso, dividirse a contía económica fixada entre as persoas premiadas.

Dotación

A dotación do premio será de 1.000 €, que se destinará á compra de libros e/ou material informático, a decisión do centro.

Entrega do premio

Realizarase un evento de presentación do vídeo, así como de entrega formal do premio, na sede do centro galardoado, nunha data próxima ao Día Internacional das Nenas nas TIC, que ten lugar o cuarto xoves de abril, neste caso, o 23 de abril de 2026.

Dereitos de Propiedade Intelectual dos traballos presentados

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade da Cátedra ALDABA-WIB. O centro educativo cederá os dereitos de explotación de cada traballo colectivo presentado,

concretamente os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública, en calquera das modalidades de explotación existentes e coñecidas na data de hoxe.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases reguladoras, así como a aceptación da decisión do xurado.

Datos de carácter persoal

De conformidade co previsto no Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo (RGPD), infórmase de que os datos de carácter persoal facilitados serán tratados polas entidades mencionadas no encabezamento destas bases reguladoras.

O tratamento dos datos é necesario para o desenvolvemento e a execución do **I Premio da Cátedra ALDABA-WIB ao mellor vídeo escolar en materia de promoción da participación da muller no desenvolvemento das TIC**, sendo a base legal dese tratamento o consentimento dos pais/nais ou titores legais do estudantado, que será recollido polo centro educativo solicitante. Os datos conservaranse durante o período de desenvolvemento desta iniciativa e, mesmo despois, durante o tempo necesario para poder responder a posibles reclamacións das persoas participantes.

Así mesmo, as entidades poderán captar e difundir as imaxes (entendidas como fotografías, vídeo e gravacións de voz) das persoas participantes durante o evento de entrega de premios, co obxectivo de promocionar e divulgar os obxectivos e valores da Cátedra ALDABA WIB: Women, ICT & Business (<https://wib.aldaba.es>). Estas imaxes poderán incluírse nas publicacións que se leven a cabo a través de diferentes medios de difusión da actividade da Cátedra (medios de comunicación, páxinas web, plataformas de vídeo, redes sociais...), co fin de promocionar, difundir e/ou, en definitiva, levar a cabo unha comunicación pública das súas actividades e/ou obxectivos, así como a efectos de dotar de transparencia á iniciativa. A captación e difusión destas imaxes será, en todo caso, respectuosa coa intimidade e a dignidade das persoas participantes, e non comprometerá a súa boa imaxe. A presentación da candidatura a este Premio leva implícita a autorización das persoas responsables legais dos/das alumnos/as para o tratamento dos seus datos e a difusión das súas imaxes, conforme ao descrito anteriormente.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas participantes teñen dereito a obter confirmación acerca de se se está a proceder ao tratamento de datos persoais que lles concirnan, a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, de ser o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos. En determinadas circunstancias, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos ou opoñerse ao tratamento destes, caso no que unicamente se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Para iso, poderán dirixir unha comunicación por escrito ao enderezo de correo electrónico premios@wib.aldaba.es.

No caso de non ver satisfeitos os seus dereitos, poden presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, accesible desde <https://sedeagpd.gob.es>.

Contacto

Para calquera consulta sobre o premio ou sobre as bases que o regulan, poden contactar a través do enderezo de correo electrónico premios@wib.aldaba.es.

Xurisdición competente

As bases reguladoras réxense pola lexislación española. Para a resolución de calquera controversia ou litixio que puidese xurdir en relación coa interpretación ou execución destas bases, tanto a Cátedra como os centros participantes renuncian ao foro que puidese corresponderlles e sométense expresamente aos Xulgados e Tribunais da cidade da Coruña.



ANEXO I

Solicitud de participación no I Premio da Cátedra ALDABA-WIB ao mellor vídeo escolar en materia de promoción da participación da muller no desenvolvemento das TIC

Don/Doña _____,
con DNI número _____, actuando na calidade de Representante do Centro
Educativo _____,
con domicilio en _____

SOLICITO:

A participación no I Premio da Cátedra ALDABA-WIB ao mellor vídeo escolar en materia de promoción da participación da muller no desenvolvemento das TIC do seguinte traballo desenvolvido por un colectivo de estudantes do Centro que dirixo:

Nome do/a Coordinador/a:
Email de contacto:
Teléfono de contacto:
Curso/s do estudiantado participante:
Título do vídeo:
Nombre do arquivo do vídeo:

E declaro responsablemente:

- Ter obtido todas as autorizacións necesarias e previstas nas bases reguladoras, a fin de que a solicitude poida ser admitida e teña plena validez legal.
- Ceder, de forma voluntaria e con carácter exclusivo, os dereitos de explotación do traballo colaborativo presentado (reproducción, distribución e comunicación pública en calquera das modalidades de explotación existentes e coñecidas na data de hoxe) á Cátedra ALDABA-WIB.
- Coñecer, comprender e aceptar as bases reguladoras deste Premio e asumir as responsabilidades que puidesen derivarse do seu incumprimento.

..... de de 2026

(Sinatura do solicitante e selo do Centro Educativo)